


01. OS REINOS XERMÁNICOS E O IMPERIO BIZANTINO

1

O **Imperio Romano**, que dominara a maior parte de Europa e as terras que bordean o Mediterráneo, vivía nunha fonda **crise desde o século III**. Co fin de salvar o Imperio, o **emperador Teodosio** dividiuno en dúas partes: A **oriental**, con capital en **Constantinopla**, deixoua ó seu fillo Arcadio e a **occidental**, con capital en **Roma**, a Honorio. A pesares disto, a decadencia do **Imperio Romano de Occidente** continuou ata a súa **desaparición a finais do século V** co destronamento do seu último emperador, Rómulo Augústulo, no **476**, e a creación de diversos reinos xermánicos, que adoptaron a tradición romana e a relixión cristiá. Porén, o **Imperio Romano de Oriente** terá unha longa historia, será o Imperio Bizantino, que sobrevivirá ata a caída de Bizancio (antiga Constantinopla) en poder dos turcos otománs en **1453**.



O emperador **Teodosio** divide o **Imperio** (395) entre os seus fillos: Honorio recibe a parte occidental e Arcadio a oriental. O **Imperio Romano de Occidente** desaparece co asentamento de diversos **pobos xermánicos** que establecen os seus **reinos**. A parte oriental terá unha longa vida como **Imperio Bizantino**.

1. OS REINOS XERMÁNICOS

A comezos do século V, os **hunos**, un pobo procedente de Asia, invadiron os territorios do leste de Europa. Fuxindo dos hunos, **os pobos xermánicos** asentados nas fronteiras do Imperio Romano (ás beiras do Rin e do Danubio) **irromperon no Imperio Romano de Occidente** e acabaron conquistándoo. A **desaparición** do Imperio Romano de Occidente no **476**, supón a fin da Idade Antiga e o inicio da Idade Media.

Os **pobos xermánicos** estableceron desde o **século V** diferentes **reinos**:

- Os **ostrogodos** na península Itálica e Dalmacia.
- Os **visigodos** no sur da actual Francia e na península Ibérica.
- Os **francos** entre o Loira e o Rin, pero van expandirse.
- Os **burgundios** no Ródano.
- Os **alamáns** no Rin.
- Os **anglos** e os **saxóns** no sur de Gran Bretaña.

LOS REINOS GERMÁNICOS (SIGLO V)



Os pobos xermánicos vivían fundamentalmente **da gandería e da agricultura**. **Organizábanse en clans** familiares e os seus caudillos elixían un xefe militar que exercía como rei. Por tanto, os **reis** eran **electivos**, aínda que co paso do tempo o cargo foi facéndose hereditario.

Os xermánicos non tiñan escritura, nin leis, nin unha estrutura de Estado. Adoptaron o **latín** como lingua oficial, conservaron as moedas romanas e aceptaron a **cristianismo** como relixión.

1. 1. OS POBOS XERMÁNICOS DA PENÍNSULA IBÉRICA

A principios do século V, **suevos**, **vándalos** e **alanos** penetraron na Península Ibérica. Poucos anos máis tarde os **visigodos** expulsaron ós vándalos e alanos e acantoaron ós suevos no noroeste (actual Galicia e norte de Portugal).



Os **suevos** crearon un reino propio con capital en **Braga** (actual Portugal), pero acabou incorporado ó reino visigodo. O **reino suevo de Galicia** foi o primeiro reino medieval que se formou en Europa, sendo o primeiro en separarse do Imperio romano e acuñar moeda propia.



Os **visigodos** realizaron incursións desde o século III nas terras do Imperio Romano e cara ó ano 300 instaláronse como mercenarios ó servizo de Roma nas terras orientais do Adriático. A **finals do século IV**, atacados polos hunos, dirixíronse á Península Itálica e pactaron cos romanos o seu establecemento no sur Galia (actual Francia). Como aliados de Roma **acudiron á Península Ibérica** e conseguiron expulsar ós vándalos e ós alanos cara ó norte de África e reducir ós suevos ó cuadrante noroeste.

Ata principios do século V, o reino visigodo, que ocupaba o sur da Galia e boa parte de Hispania, tivo como **capital Tolosa** (actual Toulouse), pero tras ser derrotados polos francos (batalla de Vouillé, 507) os visigodos tiveron que establecerse ó sur dos Pireneos, instalando a súa **capital en Toledo**.



Primeiro reino visigodo



Segundo reino visigodo e expansión con Leovigildo



O reino visigodo no s- VII. División provincial,

O **reino visigodo** caracterizouse por:

- Ter como sistema político unha **monarquía**. Ó principio os reis eran elixidos pola nobreza (costume xermánica), pero tendeu a converterse en hereditaria (o que provocou enfrontamentos entre ramas nobiliarias).
- A **unidade política**. Os visigodos anexionaron ós suevos (baixo o reinado de Leovixildo), expulsaron ós bizantinos (no reinado de Leovixildo e Suintila) e contiveron ós francos ó norte dos Pireneos.
- A **unificación xurídica**. **Leovixildo** derogou a lei que prohibía os matrimonios mixtos (entre visigodos e hispanorromanos) e **Recesvinto** estableceu unha única lexislación en todo o reino, o *Liber Iudiciorum*.
- A **unificación relixiosa**. Os visigodos eran de relixión arriana (cristiáns que negan o dogma da Trindade) e os hispanorromanos católicos, pero a conversión de **Recaredo** ó catolicismo provocou a conversión do seu pobo.
- A **fusión entre a cultura e a arte hispanorromana e a xermánica**. Nela tiveron un importante papel os clérigos (San Isidoro de Sevilla), que conservaron a cultura romana. Na arte destaca a arquitectura de pequenas **igrexas** situadas no rural (San Pedro de la Nave, Santa Comba de Bande...), con grosos muros e escasas e estreitas ventás, planta de cruz latina (de brazos desiguais), uso de columnas de capitel corintio e do arco de ferradura nas portadas e nos interiores. Moitas veces aproveitaban bloques de pedra, mármore, columnas ou relevos romanos nas construcións. Tamén é moi salientable a **ourivería** (coroas votivas do tesouro de Guarrazar, cruces...), de claro estilo xermánico, realizada en ouro, prata, bronce e ferro e con incrustacións de xemas e perlas.



Igrexa visigoda de San Pedro de la Nave (Zamora), do s. VII.



Capiteis do sacrificio de Isaac e Daniel no foso dos leóns de San Pedro de la Nave.



Coroas votivas do tesouro de Guarrazar e cruces visigodas.

A **comezos do VIII**, as disputas nobiliarias dos visigodos facilitaron a chegada dun exército musulmán procedente do norte de África que, tras gañar a **batalla de Guadalete** (711), avanzou con rapidez e case sen resistencia polas terras da Península. Foi o fin do reino visigodo e o comezo de Al-Andalus.

1. 2. O REINO DOS FRANCOS E O IMPERIO CAROLINXIO

O pobo xermánico dos francos **asentou** o seu reino **ó norte da Galia**, pero entre os séculos VI e mediados do IX foi ampliando as súas fronteiras e creou un gran imperio, o Imperio Carolinxio. A principios do século VI, os francos **expulsaron** ó sur dos Pireneos **ós visigodos** (tras gañar a batalla de Vouillé, en 507). A principios do século VIII, un nobre franco, **Carlos Martel**, dirixiu o exército que **derrotou ós musulmáns na batalla de Poitiers** (732), conténdoos ó sur dos Pireneos e impedindo o seu avance por Europa. O fillo deste nobre franco, **Pipino o Breve**, converteuse en rei dos francos e **fundou a dinastía carolinxia**, que con Carlomagno, o seu fillo e sucesor, vai ser a máis poderosa do momento.


Carlomagno, nun intento de reconstruír o Imperio Romano de Occidente, conquistou gran parte das terras de Europa Occidental. No **ano 800** Carlomagno foi **coroadado emperador** polo Papa León III e estableceu a corte en Aquisgrán. Carlomagno converteu ó **cristianismo** a todos os pobos baixo a súa autoridade, reforzou o poder político sobre o relixioso (obrigou ós bispos a xurarlle fidelidade) e propiciou un **renacemento cultural** coa creación de escolas que preservasen o saber grecolatino e ensinasen latín (a máis importante foi a escola palatina de Aquisgrán).

Para administrar (manter a orde e a seguridade, recadar impostos, facer cumprir as leis...) un Imperio tan extenso, Carlomagno ideou unha nova forma de gobernar. **Dividiu o territorio do Imperio** en **condados** e puxo a fronte de cada un a un **conde** da súa confianza para que exercese o poder no seu nome. Nas zonas fronteirizas, que precisaban de máis forza militar, estableceu **marcas**, dirixidas por un **marqués**. E creou un corpo de comisarios reais, os **missi dominici**, para facer cumprir as leis e controlar ós condes e marqueses.




Extensión do Imperio Carolinxio con Carlomagno

ORGANIZACIÓN DO IMPERIO CAROLINXIO



O sistema de goberno ideado por Carlomagno estaba baseado en **relacións persoais** sustentadas na **fidelidade** e **protección**. O rei ou o emperador entregáballe terras ós nobres para que as administrasen, explotasen e defendesen; a cambio, os nobres xurábanlle fidelidade e axuda militar e convertíanse nos seus **vasalos**. Os vasalos, a súa vez podían establecer relacións de vasalaxe con outros nobres de menor rango, dos que recibían fidelidade e axuda militar a cambio da cesión de terras.

Á morte de Carlomagno, a coroa pasou ó seu fillo **Luís o Piadoso** que, no seu testamento repartiu o Imperio entre ós seus fillos: **Lotario** recibiu o título imperial e o reino central; **Carlos o Calvo**, a parte occidental e **Luís o Xermánico** o reino oriental. O intento de Lotario de impoñer a súa autoridade provocou enfrontamentos entre os irmáns que remataron coa firma do **Tratado de Verdún** (843), que supuxo a desaparición do Imperio Carolinxio e o xurdimento de reinos independentes.



A **desaparición do Imperio Carolinxio** no século IX coincidiu cun período de novas invasións que xeraban inseguridade. Os **nobres**, convertidos en señores case independentes duns reis débiles, transmitían as terras ós seus herdeiros e eran os únicos que podían ofrecer un mínimo de protección á poboación. Os **monarcas** perderon aínda máis poder real e desenvolveuse o **feudalismo**, sistema político, económico e social dominante na Idade Media.

2. O IMPERIO BIZANTINO


O **Imperio Romano de Oriente**, con capital en **Constantinopla** mantivo a herdanza romana e tivo unha longa historia con épocas de esplendor e outras de crise.

A **Primeira Idade de Ouro** tivo o seu apoxeo durante o reinado do emperador **Xustiniano** (527 – 565), que nun intento de restaurar o Imperio Romano conquistou territorios na costa dálmata, na Península Itálica, as Baleares, o sur da Península Ibérica e costa africana. O emperador Xustiniano concentraba todos os poderes (político, militar, relixioso). Levou a cabo un importante **labor lexislativo** (Código de Xustiniano) e potenciou a **cultura** e a **arte** (basílica de Santa Sofía, mosaicos de San Vital de Rávena...). O Imperio gozou de prosperidade económica, favorecida pola súa estratéxica situación entre Oriente e Occidente.


Entre os séculos VII e VIII, o Imperio perdeu boa parte das conquistas e helenizouse (o grego converteuse na lingua oficial, o emperador recibiu o nome grego de basileus, a capital pasou a chamarse Bizancio...).

Nos séculos IX e X viviu unha **Segunda Idade de Ouro**: reconquista algúns territorios e estende a súa influencia pola parte oriental, coa evanxelización dos pobos eslavos por Cirilo e Metodio e a divulgación cultural (alfabeto cirílico, arte...).

A partir do século XI, a prosperidade do Imperio Bizantino acelerou a decadencia ata a súa **desaparición** coa conquista de Bizancio polos turcos en **1453**.




EVOLUCIÓN DO IMPERIO BIZANTINO



Ademais da autoridade imperial, **en Bizancio foi moi poderosa a igrexa**. A igrexa oriental viviu profundas crises:

- Unha xirou sobre a validez das imaxes relixiosas, coñecida como **querela iconoclasta** (uns defendían a importancia das imaxes como medio para ensinar a un pobo analfabeto, outros as rexeitaban por consideralas próximas á idolatría).
- A outra, o **cisma** (ruptura) **de Oriente**, supuxo a separación da igrexa cristiá en ortodoxa (a oriental) e católica (a occidental, que obedece ó Papa de Roma).

A **arte bizantina** recolle características da arte clásica e oriental. En **arquitectura** emprega elementos clásicos (columnas, bóvedas, arcos) e materiais pobres (ladrillo, morteiro) que recobre con mármore e **mosaicos** de gran colorido e riqueza. En **pintura** tiveron moita importancia as **iconas** (imaxes relixiosas da Virxe ou de Xesús) pintadas sobre táboa.



Santa Sofía de Constantinopla, s. VI.



Mosaico de Xustiniano na igrexa de San Vital de Rávena (século VI).